

# ALICIA

# para as minchiñas





En 1890 sae do prelo o *The Nursery Alice*, onde Lewis Carroll adaptaba á inmortal Alicia ao universo das minchiñas de 0 a 5 anos.

Disque Carroll decidiu facer isto porque, no seu costume de agasallar co libro orixinal á cativada amiga súa, se decatou de que as nenas e os nenos máis pequechos non o daban gozado igual que os maiores. Nas súas palabras, el quería que as minchiñas "folleen o meu libro, que o soben, que o engurren, que pasmen con el, que lle dean bicos". Lewis Carroll quería un libro vivido e nós ofrecémoslles ás nenas e nenos de entre 0 e 999 anos o libro vivo, recitante, cantante, brincadeiro.

Alicia, o Coello Branco, a Duquesa, etc. saen das páxinas para pasar a tarde coas minchiñas e tomar té con contos.





**ALICIA PARA AS MINCHIÑAS** é un espectáculo de poesía, xogo e música cunha duración de 45 minutos para crianzas a partir de 10 anos.

Para xogarmos en interior precisamos só dun espazo diáfano con boa acústica e asentos cómodos para as crianzas (que en todo momento estarán acompañadas pola/s persoa/s adulta/s que veña/n con elas); e amplificación de audio se é que a actividade se vai realizar en exterior.

**ELENCO:**

Lorena Conde e Inés Salvado

**ADAPTACIÓN E DIRECCIÓN:**

Lorena Conde

**MÚSICA:**

Inés Salvado

**ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:**

A Feroz

**PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN:**

A Feroz







[www.feroz.com](http://www.feroz.com)  
[ferozferoz@gmail.com](mailto:ferozferoz@gmail.com)